

NOME DA ACTIVIDADE

- **Batalla oral**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- O debate, os discursos encontrados e a conversa.
- Léxico dependendo do debate.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado coñeza a utilización de expresións, partículas e recursos para a discusión en grupo.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- Como moito débense facer 3 grupos, un número maior non sería operativo e o ideal son 2.
- Cada persoa que teña o rol de portavoz só pode enviar un máximo de dúas mensaxes.
- O docente debe establecer quendas para intervir e reservar para si o papel de moderador.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente reparte entre o alumnado un papel para traballar na actividade.

Nun primeiro momento o alumnado vai escribir no papeliño un tema para debater, canto máis concreto e máis de actualidade sexa mellor porque facilitará ese debate.

Faranse dous grupos (dependendo do número de participantes pode haber ata tres) e cada un terá unha persoa portavoz escollida polo propio grupo, aínda que o ideal sería que cada alumno pasase como mínimo unha vez por ese rol.

Posteriormente colocaranse sentadas en cadeiras de fronte unha da outra, de xeito que teñan unha comunicación o máis perfecta posible. Detrás dos representantes que van debater poranse o resto dos compoñentes, en fileira, con papeis e bolígrafo.

As persoas que son portavoz deben coller un dos papeis que se crearon previamente e debater sobre o tema que lles toque sen tempo para a preparación ou a reflexión. Será o profesorado quen lle indique a cada equipo que postura deben defender, sen que teñan que estar necesariamente de acordo con ela.

As persoas de atrás poden axudar ao portavoz pero nunca interromper nin comentar nada. O seu labor consiste en que cando se lles ocorra algo poden escribilo no papel e pasarllo ao compañeiro de adiante, así ata que chegue aos portavoces; que deben xestionar estes recursos.

MATERIAIS PARA A FICHA

Exemplos de temas para o debate:

PAPA NOEL VS REIS MAGOS

COSTA OU MONTAÑA

QUE PREFIRES, MÚSICA OU CINE?

CARLOS NÚÑEZ E MERCEDES PEÓN

SOMOS CELTAS OU ROMANOS?

Fórmulas expresivas:

Estou/estamos de acordo, pero penso que tamén...

Creo/cremos que te equivocas, as cousas son doutro xeito porque...

Tes razón, porén penso/pensamos que...

Desculpa pero iso que estás a dicir non é de todo así...

Para min/nós é moito mellor “isto” do que o outro porque...